

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17265 *Lei 10/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en transposición da Directiva (UE) 2018/822 do Consello, do 25 de maio de 2018, que modifica a Directiva 2011/16/UE polo que se refire ao intercambio automático e obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade en relación cos mecanismos transfronteirizos suxeitos a comunicación de información.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A Directiva (UE) 2018/822 do Consello, do 25 de maio de 2018, que modifica a Directiva 2011/16/UE polo que se refire ao intercambio automático e obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade en relación cos mecanismos transfronteirizos suxeitos a comunicación de información, establece a obrigaçión de comunicación de determinados mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal potencialmente agresiva. A dita obrigaçión debe ser trasposta polos Estados membros.

O deber de comunicación establécese con dous fins fundamentais. Por un lado, a obtención de información co obxectivo de loitar contra a elusión e a evasión fiscal. Por outro lado, un fin disuasorio respecto da realización de mecanismos de planificación fiscal agresiva. Desde esta perspectiva, cómpre aclarar que a obrigaçión de declaración dun mecanismo transfronteirizo non implica, *per se*, que o dito mecanismo sexa defraudatorio ou elusivo, senón unicamente que nel concorren determinadas circunstancias indiciarias de planificación fiscal que o fan acredor da obrigaçión de declaración.

Tamén é necesario precisar que a declaración de información e a falta de reacción da Administración tributaria non implican a aceptación da legalidade dos mecanismos transfronteirizos declarados.

A transposición baséase na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para aquelas cuestións que aconsellan a súa regulaci3n por norma con rango legal, e complétase a dita transposición coas novidades incluídas no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspecci3n tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicaci3n dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

II

A transposición artículase, a nivel legal, a través de dúas novas disposicións adicionais que se introducen na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A primeira, que establece as directrices básicas da obrigaçión de informaci3n de determinados mecanismos de planificación fiscal conforme a directiva sinalada e o réxime xeral das obrigaç3ns de informaci3n existente no noso dereito tributario. Así mesmo, a dita disposici3n prevé, no ámbito legal, dúas obrigaç3ns independentes, pero relacionadas coa anterior, que se establecen tamén na Directiva 2011/116/UE do Consello, como son a

obligación dos intermediarios de actualizaren a información dos mecanismos transfronteirizos comercializables, así como o deber de informar sobre a utilización dos mecanismos transfronteirizos por parte dos obrigados tributarios interesados nestes.

Así mesmo, seguindo os principios inspiradores da directiva, dentro dos límites legais prefigurados polo noso ordenamento xurídico, recoñécese o deber de segredo profesional para os efectos das obrigacións de información sinaladas a todos aqueles que teñan a consideración de intermediarios de acordo coa directiva e presten un asesoramento neutral relacionado co mecanismo que se limite unicamente a avaliar a súa adecuación á normativa aplicable.

Ademais, régúlase a exención da eventual responsabilidade dos intermediarios en que puidesen incurrir pola declaración dos datos impostos pola obrigación de información.

Por outro lado, introdúcese outra disposición adicional para regular as obrigacións de comunicación entre os intervenientes e partícipes nos mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal obxecto de declaración.

Como correlación lóxica das obrigacións de información anteriores, régúlase o réxime sancionador asociado ao incumprimento das ditas obrigacións.

III

De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a elaboración desta lei efectuouse de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, cúmprese o principio de necesidade e eficacia, por canto é necesaria a transposición da Directiva (UE) 2018/822 mediante a incorporación de modificacións de diversas normas do ordenamento que teñen rango legal e regulamentario.

Cúmprese, tamén, o principio de proporcionalidade, por canto se observou de forma exclusiva o modo de atender os obxectivos estritamente exixidos, antes mencionados.

Respecto ao principio de seguridade xurídica, garantiuse a coherencia do texto co resto do ordenamento xurídico nacional, así como co da Unión Europea. De feito, a norma legal responde á necesidade de transposición da norma da Unión Europea ao dereito español.

O principio de transparencia, sen prexuízo da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado», garantiuse mediante a publicación do anteproxecto, así como da súa memoria da análise de impacto normativo, na sede electrónica do Ministerio de Facenda, para efectos de que puidesen ser coñecidos os ditos textos no trámite de audiencia e información pública por todos os cidadáns.

Por último, en relación co principio de eficiencia, procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns, así como os menores custos indirectos, fomentando o uso racional dos recursos públicos, de feito, mesmo algunha das medidas que se incorporan comportan unha redución de tales cargas.

Finalmente, cabe sinalar que a norma se inscribe no ámbito da denominada «asistencia mutua» tal como se define na Lei xeral tributaria, que participa da natureza xurídica das relacións internacionais. Esta norma dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 3.^a e 14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de relacións internacionais e de facenda xeral, respectivamente.

Artigo único. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Obrigación de información sobre mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal.*

1. As persoas ou entidades que teñan a consideración de intermediarios ou de obrigados tributarios interesados para os efectos desta obrigación, segundo o

artigo 3, números 21 e 22, da Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e pola que se derroga a Directiva 77/799/CEE, deberán subministrarse á Administración tributaria, conforme o disposto nos artigos 29, 29 bis e 93 desta lei e nos termos que regulamentariamente se establezan, a seguinte información:

a) Información de mecanismos transfronteirizos definidos no artigo 3.18 da Directiva 2011/16/UE do Consello, en que interveñan ou participen cando conorra algún dos sinais distintivos determinados no anexo IV da citada directiva.

b) Información de actualización dos mecanismos transfronteirizos comercializables a que se refire o artigo 3.24 da Directiva 2011/16/UE do Consello.

c) Información da utilización en España dos mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal a que se refiren as letras a) e b) anteriores.

Para os efectos desta obrigaçión de información, non terán a consideración de mecanismo transfronteirizo de planificación fiscal obxecto de declaración aqueles acordos, negocios xurídicos, esquemas ou operacións transfronteirizas baseadas en réximes fiscais comunicados e expresamente autorizados por unha decisión da Comisión Europea.

2. Estarán dispensados da obrigaçión de información polo deber de segredo profesional a que se refire o número 5 do artigo 8 bis ter da Directiva 2011/16/UE do Consello, os que tivesen a consideración de intermediarios conforme a dita directiva, con independencia da actividade desenvolvida, e asesorasen con respecto ao deseño, comercialización, organización, posta á disposición para a súa execución ou xestión da execución dun mecanismo transfronteirizo dos definidos na directiva, co único obxecto de avaliar a adecuación do dito mecanismo á normativa aplicable e sen procurar nin facilitar a súa implantación.

O intermediario obrigado polo deber de segredo profesional poderá quedar liberado del mediante autorización comunicada de forma fidedigna polo obrigado tributario interesado.

3. O cumprimento polos intermediarios da obrigaçión de información de mecanismos de planificación fiscal a que se refire a Directiva 2011/16/UE do Consello, nos termos legalmente exhibibles, non constituirá, conforme o réxime xurídico aplicable, violación das restricións sobre divulgación de información impostas por vía contractual ou normativa, e non implicará para os suxeitos obrigados ningún tipo de responsabilidade respecto do obrigado tributario interesado titular da dita información.

4. Constitúen infraccións tributarias:

a) A falta de presentación en prazo das declaracións informativas a que se refire esta disposición adicional.

A infracción será grave e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 2.000 euros por cada dato ou conxunto de datos referidos a un mesmo mecanismo que se debería ter incluído na declaración cun mínimo de 4.000 euros e un máximo equivalente ao importe dos honorarios percibidos ou a percibir por cada mecanismo ou ao valor do efecto fiscal derivado de cada mecanismo calculado nos termos regulamentariamente establecidos, dependendo de que o infractor sexa o intermediario ou o obrigado tributario interesado, respectivamente. O límite máximo non se aplicará cando este fose inferior a 4.000 euros.

Non obstante o anterior, cando un mecanismo transfronteirizo careza de valor nos termos establecidos regulamentariamente e o infractor o sexa na súa condición de obrigado tributario interesado, computarase como límite máximo o equivalente aos honorarios percibidos ou a percibir polo intermediario.

En caso de non existencia de honorarios, o límite referirase ao valor de mercado da actividade cuxa concorrencia dese lugar á consideración de intermediario

calculada de acordo co disposto no artigo 18.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Para efectos da aplicación dos límites máximos anteriores, o suxeito infractor deberá acreditar a súa concorrencia e magnitude.

A sanción e os límites mínimo e máximo previstos neste parágrafo reduciranse á metade, cando a información fose presentada fóra de prazo sen requirimento previo da Administración tributaria.

Se se presentaron en prazo declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, posteriormente, se presenta fóra de prazo sen requirimento previo unha declaración complementaria ou substitutiva das anteriores, non se producirá a infracción a que se refire a letra b) deste número en relación coas declaracións presentadas en prazo e imporase a sanción que resulte da aplicación deste parágrafo respecto do declarado fóra de prazo.

b) A presentación de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos das declaracións informativas a que se refire esta disposición adicional.

A infracción será grave e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 2.000 euros por cada dato ou conxunto de datos omitido, inexacto ou falso referidos a un mesmo mecanismo que debería ter incluído na declaración cun mínimo de 4.000 euros e un máximo equivalente ao importe dos honorarios percibidos ou a percibir por cada mecanismo ou ao valor do efecto fiscal derivado de cada mecanismo calculado nos termos regulamentariamente establecidos, dependendo de que o infractor sexa o intermediario ou o obrigado tributario interesado, respectivamente. O límite máximo non se aplicará cando este sexa inferior a 4.000 euros.

Non obstante o anterior, cando un mecanismo transfronteirizo careza de valor nos termos establecidos regulamentariamente e o infractor o sexa na súa condición de obrigado tributario interesado, computarase como límite máximo o equivalente aos honorarios percibidos ou a percibir polo intermediario.

En caso de non existencia de honorarios, o límite referirase ao valor de mercado da actividade cuxa concorrencia dese lugar á consideración de intermediario, calculada de acordo co disposto no artigo 18.1 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Para efectos da aplicación dos límites máximos anteriores, o suxeito infractor deberá acreditar a súa concorrencia e magnitude.

c) A presentación das declaracións informativas a que se refire esta disposición adicional por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos naqueles supostos en que haxa obrigación de facelo polos ditos medios.

A infracción será grave e a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros por dato ou conxunto de datos referidos a un mesmo mecanismo que se debería ter incluído na declaración cun mínimo de 750 euros e un máximo de 1.500 euros.

d) As infraccións e sancións reguladas nesta disposición adicional serán incompatibles coas establecidas nos artigos 198 e 199 desta lei.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Obrigacións entre particulares derivadas da obrigación de información dos mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal.*

1. Os intermediarios eximidos polo deber de segredo profesional da presentación da declaración dos mecanismos transfronteirizos de planificación fiscal deberán comunicar fidedignamente a dita exención aos demais intermediarios e obrigados tributarios interesados que participen nos citados mecanismos, sobre os que recaerá a obrigación de presentar a declaración, nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As persoas ou entidades que teñan a condición legal de obrigadas a declarar e que presentasen a declaración, deberán comunicar fidedignamente a súa

presentación, nos termos regulamentariamente establecidos, ao resto de intermediarios ou, se for o caso, ao resto de obrigados tributarios interesados, os cales, en virtude daquela, quedarán eximidos da obrigaón de declarar.

3. Constitúen infraccións tributarias:

a) A falta de comunicación a que se refire o número 1 desta disposición adicional no prazo establecido ou a realización da comunicación omitindo datos ou incluíndo datos falsos, incompletos ou inexactos.

A infracción será considerada leve e sancionarse cunha multa pecuniaria fixa de 600 euros.

Esta infracción terá a consideración de grave cando a ausencia de comunicación en prazo concorra coa falta de declaración do correspondente mecanismo transfronteirizo de planificación fiscal a que se refire a letra a) do número 1 da disposición adicional vixésimo terceira desta lei por outro intermediario ou, se for o caso, polo obrigado tributario interesado que debería ter presentado a declaración se se tivese realizado a dita comunicación. Nestes casos, a sanción será a que corresponda á infracción pola falta de presentación da declaración mencionada, prevista na letra a) do número 4 da disposición adicional vixésimo terceira desta lei.

b) A falta de comunicación a que se refire o número 2 desta disposición adicional no prazo establecido ou a realización da comunicación omitindo datos ou incluíndo datos falsos, incompletos ou inexactos.

A infracción deste artigo será considerada leve e sancionarse cunha multa pecuniaria fixa de 600 euros.»

Disposición transitoria única. Réxime transitorio das obrigaóns de información dos mecanismos transfronteirizos sometidos a declaración que se realízen con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Os mecanismos transfronteirizos cuxa primeira fase de execución se realíza, nos termos regulamentariamente establecidos, entre o 25 de xuño de 2018 e o 30 de xuño de 2020 deberán ser obxecto de declaración nos prazos establecidos regulamentariamente.

Así mesmo, esta lei aplicarase aos mecanismos transfronteirizos suxeitos a comunicación cuxa obrigaón xurdise a partir do 1 de xullo de 2020, conforme a Directiva 2011/16/UE do Consello, do 15 de febreiro de 2011, relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e pola que se derroga a Directiva 77/799/CEE.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, modifícase o número 4 do artigo 34 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que queda redactado da seguinte forma:

«4. De acordo co disposto no número anterior, establécese o réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas seguintes comunidades autónomas:

- Comunidade Autónoma de Andalucía.
- Comunidade Autónoma de Aragón.
- Comunidade Autónoma do Principado de Asturias.
- Comunidade Autónoma das Illes Balears.
- Comunidade Autónoma de Canarias.
- Comunidade Autónoma de Cantabria.
- Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha.
- Comunidade de Castilla y León.

- Comunidade Autónoma de Cataluña.
- Comunidade Autónoma de Galicia.
- Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.
- Comunidade de Madrid.
- Comunidade Valenciana.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 3.^a e 14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de relacións internacionais e de facenda xeral, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2018/822 do Consello, do 25 de maio de 2018, que modifica a Directiva 2011/16/UE polo que se refire ao intercambio automático e obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade en relación cos mecanismos transfronteirizos suxeitos a comunicación de información.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN